

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 5 de maio de 2025, adoptou o seguinte acordo:

1. Administración do Parlamento de Galicia

1.1. Recursos humanos

1.1.1. Concursos e oposicións

Acordo de resolución do proceso selectivo para ingresar por quenda libre en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade (grupo C)

Por acordo da Mesa do Parlamento do Parlamento do 9 de abril de 2024, anúnciase o proceso selectivo para ingresar por quenda libre en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade e apróbanse as bases reguladoras do procedemento (DOG núm. 79, do 22 de abril).

O tribunal cualificador na sesión do 9 de abril de 2025 acordou propoñerlle á Mesa do Parlamento de Galicia a finalización do proceso selectivo e o nomeamento pola Presidencia de Andrea Caaveiro Souto, María Corredoira Cobas, Iria Pereira Louzao e Cristina Pino Ponte como persoal funcionario de carreira no corpo administrativo do Parlamento de Galicia.

Xa que logo, en cumprimento do artigo 7.2 das bases do antedito procedemento, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1.º) Finalizar o procedemento selectivo para ingresar por quenda libre en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade e aprobar o seu resultado a favor de Andrea Caaveiro Souto, María Corredoira Cobas, Iria Pereira Louzao e Cristina Pino Ponte.

2.º) Notificarlle este acordo a Andrea Caaveiro Souto, María Corredoira Cobas, Iria Pereira Louzao e Cristina Pino Ponte que, de conformidade coa base oitava da convocatoria, disporán dun prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* para presentar, se é o caso, a documentación prevista na citada base.

3.º) Comunicarlle este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para os efectos de darlle efectividade á execución deste acordo.

Servizo de Persoal e Réxime Interior.



4.º) Propoñerlle á Presidencia, de conformidade coa base novena desta convocatoria o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira do corpo administrativo do Parlamento de Galicia.

5.º) Constituír unha lista de espera de conformidade coa base décima da convocatoria, para cubrir as necesidades eventuais de persoal que puideren xurdir, en condición de persoal funcionario interino vinculado ao mantemento das circunstancias polas que son nomeadas.

6.º) Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2025

Xosé Antón
Sarmiento
Mendez, Letrado
Oficial Maior

Firmado digitalmente por Xosé
Antón Sarmiento Mendez, Letrado
Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=Xosé Antón Sarmiento Mendez,
Letrado Oficial Maior,
email=xsarmiento@parlamentode
galicia.gal
Fecha: 2025.05.09 13:04:39 +02'00'

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 09/05/2025 13:05:39
Nº Rexistro: 6919
Data envío: 09/05/2025 13:05:39.012

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 09/05/2025 13:04:39

CSV: REXPG-50u2XcjhR-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/05/2025 13:05:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 09/05/2025 13:05:39
Nº Rexistro: 6919
Data envío: 09/05/2025 13:05:39.012

CSV: REXPG-50u2XcjhR-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

